

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 8 DE AGOSTO DE 2011.**

### **ASISTENTES:**

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **Concelleiros:**

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup> María Dolores Meitin Guerreiro

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. Marco López López

D. Alberto Santos Vázquez.

D. José Manuel López Hermida

#### **Secretario:**

D. Luís María Fernández del Olmo

#### **Interventora:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

#### **Ausente:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día oito de agosto de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º) APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 22 DE XULLO DE 2011.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 22 de xullo 2011.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de 22 de xullo de 2011.

### **2º) INFORMACIÓN PERIODICA PARA O PLENO DA CORPORACIÓN, VERBO DA EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS E DO MOVEMENTO E SITUACIÓN DA TESOURERÍA MUNICIPAL**

### **(ART. 207 DO R.D.L. 2/2004 DE 5 DE MARZO. DAR CONTA).**

Por Secretaría dáse conta á Comisión do expediente do epígrafe no que se inclúe a dación de conta á Comisión Especial de Contas na sesión de dito órgano celebrada con data 4 de agosto de 2011.

O Pleno Municipal dáse por enterado.

### **3º) DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2012. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito remitido pola Consellería de Traballo e Benestar no que se interesa a determinación e posterior determinación por parte do Concello dos 2 días que se fixen como festas locais en todo o termo municipal de Xove, os efectos da confección do Calendario laboral para o ano 2012.

Enterada, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda:

1º) fixar como festas locais en todo o termo municipal de Xove, no ano 2012 as seguintes datas:

- 21 de febreiro de 2012 (Martes de Antroido)
- 20 de agosto de 2012 (Festa Patronal de Xove)

2º) A remisión do presente acordo ó Departamento Territorial en Lugo da Consellería de Traballo e Benestar.

### **4º) MOCIÓN DO BNG, SOBRE O CONTROL DAS COMISIÓNS BANCARIAS ABUSIVAS. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Polo Sr. López López tras manifestar a súa condolencia persoal e a do seu grupo municipal polo falecemento do pai da compañeira de Corporación D<sup>a</sup> Ana Abad López, procede a dar lectura íntegra á moción do epígrafe que a seguir se transcribe literalmente:

“Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segue para o seu debate plenario:

## **MOCIÓN PARA O CONTROL DAS COMISIÓNS BANCARIAS ABUSIVAS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As comisións que as entidades financeiras repercuten aos usuarios e usuarias experimentaron unha suba significativa en plena crise económica, de maneira especial ao longo dos últimos meses. Ao tempo que as entidades bancarias seguen acumulando beneficios, que ascenderon a 3.174 millóns de euros no primeiro trimestre deste ano, tamén se detectou un notable crecemento das comisións bancarias. As estatísticas do Banco de España reflicten un incremento medio de todas as comisións bancarias, que mesmo se acentuou en só un mes (desde maio a xuño deste ano) con incrementos que van desde o 6 ao 14,28%, comisións por mantemento de contas correntes ou de aforro que se están estandarizando ao redor dos 30 euros anuais, gravando mesmo con cantidades adicionais a contas de saldos medios inferiores a 2.000 euros.

Tamén cadra esta suba coa restrición no acceso ao crédito para a meirande parte das persoas e cos atrancos para obter financiamento tanto por parte das empresas como dos emprendedores ou os particulares.

A suba das comisións bancarias, no caso do mantemento de contas correntes ou de aforro que deberían estar exentas, convértese en abusivas polo feito de poder dispor as entidades do diñeiro depositado e con iso xerarlles beneficios.

A aplicación de cláusulas abusivas e inxustas por parte das entidades financeiras non pode ser consentida de maneira indefinida. A afectación e as consecuencias negativas que supoñen para millóns de persoas a continuidade desas prácticas bancarias ilegais, confírenlles un interese público e social que obrigan a que as institucións competentes, tanto o Goberno central (que exerce a supervisión de todo o sector financeiro) como a Xunta de Galiza (á que lle corresponde dita supervisión no ámbito das caixas de aforro) encaren a situación e adopten medidas con carácter urxente en defensa do devandito interese.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Solicitar da Xunta de Galiza que inste o Goberno do Estado a:

- Adoptar as medidas necesarias para impedir que mentres se mantéña a situación de crise económica se produzan aumentos das comisións que aplican as entidades financeiras.
- Realizar unha supervisión das comisións das entidades financeiras, establecendo límites máximos por cada comisión en función de parámetros obxectivos que teñan en conta o custo real do servizo prestado.
- Obrigar ás entidades financeiras a ofrecer de forma transparente o importe das comisións polos distintos servizos.
- Aprobar de forma inmediata as normas legais precisas para evitar que por parte das entidades financeiras se mantéña o cobro abusivo en concepto de mantemento ou administración de contas correntes ou de aforro, e obrigar á devolución das cantidades ingresadas en caso de persistir nesta práctica.

Enterado, o concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la moción anteriormente transcrita.

**5º) EXPEDIENTE PARA A CESION GRATUITA Ó SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (SERGAS) DA PARCELA DE TITULARIDADE MUNICIPAL, DONDE SE UBICA O CENTRO DE SAÚDE. APROBACION INICIAL. ADOPCION DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación dos aspectos máis salientables do expediente de epígrafe incoado ós efectos da formalización dun convenio co Servizo Galego de Saúde, sobre a asunción dos custos de mantemento do Centro de Saúde de Xove.

Aberto o debate, polo Sr. López López manifestase estar de acordo coa cesión de referencia, pero facendo constar que o Concello deberá estar vixiante para que dita cesión non supoña ningún prexuízo para o persoal que na actualidade está a facer o labor de limpeza no Centro de Saúde.

O Sr. Alcalde está de acordo co manifestado polo Sr. López López, engadindo que en calquera caso o SERGAS ten a obriga legal de facerse cargo de dito persoal.

Rematado o debate, e visto o informe-Proposta obrante no expediente, a corporación por unanimidade dos seus membros asistentes ás sesión, que representa a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda aprobar inicialmente a cesión gratuítida da parcela de titularidade municipal de carácter patrimonial descrita no expediente, ó Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e conforme ó disposto no Art. 110.1.F do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e 86 da Lei 30/1992 de 26 de novembro; someter o expediente ó trámite de información pública por prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio a publicar no tablón de edictos municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**6º) APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DUN TRAMO DO CAMIÑO PÚBLICO UBICADO NO LUGAR DE FORMIGUEIRO, PARROQUIA DE LAGO (XOVE) PARA A SÚA PERMUTA POR OUTROS TERREOS DE IDENTICO VALOR. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente do epígrafe, salientando que unha vez aprobada inicialmente a desafectación de referencia mediante acordo plenario de data 3 de maio de 2011, someteuse o expediente ó preceptivo trámite de información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 108 de data 13 de maio de 2011.

Dáse conta igualmente de que no devandito trámite de información pública non se presentaron alegacións nin reclamacións, tal e como se acredita na certificación expedida polo Secretario Municipal con data 14 de xuño de 2011 obrante no expediente.

Enterado, o pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, que representan a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda:

1º) Aprobar definitivamente a desafectación do uso público do tramo do camiño de titularidade municipal, inventariado co número de orde 1C.1.1.0059 sito no lugar de Formigueiro, Parroquia de Lago, Concello de Xove, descrito na documentación planimétrica obrante no expediente, e recibilo coa nova calificación xurídica de ben de carácter patrimonial.

2º) Aproba-la permuta do tramo de camiño anteriormente referenciado co tramo de camiño ofertado pola mercantil Aluminio Español S.A. como titular do mesmo, e que tamén figura descrito na documentación planimétrica obrante no expediente.

3º) Tódolos gastos derivados da formalización en escritura pública da permuta de referencia serán de conta da mercantil Aluminio Español S.A.

4º) Igualmente, antes de formalizar a correspondente escritura pública de permuta, a mercantil Aluminio Español S.A. deberá proceder a executar as obras de asfaltado e acondicionamento do tramo da súa titularidade obxecto de permuta, ós efectos da súa inmediata e axeitada utilización como vial.

### **7º) ROGOS E PREGUNTAS.**

Por Secretaría dáse lectura ás preguntas presentadas por escrito polo Grupo Municipal do BNG e ó escrito de contestación ás mesmas, asinado polo Sr. Alcalde Presidente que a seguir se transcriben:

**PRIMEIRA.-** Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente EXPÓN:

A Xunta gobernada polo Partido Popular vén de recortar, a través do autodenominado “Plan de Cooperación”, os efectivos que se destinan neste período estival para velar pola seguridade dos bañistas nas nosas praias. No noso municipio os socorristas só realizarán este servizo fundamental durante dous meses, en contraposición aos tres meses que eran contratados en anteriores campañas.

#### **PREGUNTA:**

- Está dacordo o goberno local coa política de recortes neste eido practicada pola Xunta?
- Co obxectivo de priorizar a seguridade dos bañistas e tendo en conta que o noso Concello conta con recursos dabondo: cal é a causa pola que a Administración local non se fai cargo do mes que recortou a Xunta?
- Levou a cabo o goberno municipal algunha xestión para manter a seguridade nos areas en xuño ante a ausencia de socorristas?
- Existe algún plan de actuación que protexa ás persoas usuarias das nosas praias o vindeiro mes de setembro? “

**RESPOSTA:** *Mante-lo servizo de socorrismo, limpeza de arenais, e limpeza de servizos, aseos e duchas, nas 4 zonas de baño de Xove ( Esteiro, Portocelo, Morás e Lago ) durante 3 ou 4 meses non ten moito sentido vistas as condicións climatolóxicas e a afluencia de bañistas aos arenais de Xove durante os meses de xuño e setembro. De feito concellos como Viveiro cujas praias teñen unha afluencia moito maior que as de Xove, teñen a mesma tempada oficial de baños que Xove ( xullo e agosto ). Non obstante, en caso de bon tempo, poderíase estudar a posibilidade de extende-lo servizo de socorrismo durante os fins de semana da última quincena de xuño e da primeira quincena de setembro na praia de Esteiro.*

**SEGUNDA.-** Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente EXPÓN:

Os pais e nais usuarios da especialidade de pediatría radicada do Centro de Saúde do noso concello están presentando continuamente queixas perante o Servizo Galego de Saúde polo deficitario ou nulo servizo que están a recibir.

#### **PREGUNTAS:**

- Ten coñecemento o goberno local do servizo deficitario que se está a prestar á cidadanía xovense desde a Administración autonómica?”

- Ten coñecemento o goberno local de que os bebés están sendo derivados a Burela por non poderen ser atendidos en Xove por persoal especializado?
- Levou a cabo algunha actuación o goberno local para evitar os continuos retrasos nas revisións pediátricas e a saturación do servizo?

**RESPOSTA:** *Hai uns meses a consulta de pediatría no Centro de Saúde funcionaba tres días á semana: luns, mércores e venres desde as 9 ás 12 horas da mañana. A resultas da petición formulada por esta Alcaldía dito servizo potenciouse coa ampliación da consulta de pediatría un día mais á semana: o martes desde as 12 ás 15 horas da mañana.*

*Como consecuencia da baixa por enfermidade da pediatra adscrita o Centro de Saúde de Xove e a escasez de especialistas en pediatría, é certo que durante unhas semanas se produxo unha minoración dos servizos e dos días de consulta. Non obstante na actualidade o servizo normalizouse e estase a prestar tres días á semana: luns, mércores e venres de 9 a 12 e cando rematen as vacacións da pediatra de apoio o vindeiro día 15 volverá a haber consulta os martes de 12 a 15 horas.*

*O desexable sería ter consulta e servizos de pediatría tódolos días mais ese obxectivo é francamente difícil, non só para Xove senón para a maioría dos Centro de Saúde, pola escasez de especialistas.*

*E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.*

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo